

GOBIERNO CIVIL

DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

E/F/E.

N.º

Rf.º 5-11-2

Asistentes:

Presidente: Excmo. Sr. Don Joaquín Borrell
Mestre. Gobernador Civil.

Vicepresidentes: Ilmo. Sr. Don Manuel Lan-
deiro Piñeiro.

Vocales:

Don José Vázquez Alvarez.

Don José Casal Pereira.

Don Ricardo Garofa Borregón.

Don Pedro Rial López.

Don Ramón Gómez Domínguez.

Secretarios:

Don Manuel Ezquieta Fernández.

En la Ciudad de

Pontevedra, siendo las die-

ciséte treinta horas del

día veinticinco de noviem-

---oOo---

bre de mil novecientos

ochenta y uno, con asistencia de los señores que al márgen se expresan,

se reunió el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, con

objeto de estudiar la clasificación del monte que se indica, sito en el

término municipal de M O S

, y



GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES

F.F.E. VICINALES EN MANO COMÚN

N.º	81.º 5-11-2
-----	-------------

Excmo. Sr.:

RESULTANDO: Que por la Administración Forestal han sido realizados expedientes de investigación de 6 montes radicados en el Ayuntamiento de Mos entre los que figura el que se describe de la forma siguiente:

Nombre del monte: MONTES DE MOS.
Cabida: 501 Ha.
Límites:
Norte: Término y montes de Louredo.
Este: Término municipal de Puenteareas.
Sur: Término municipal de Porriño.
Oeste: Término de Petelos, Torroso y Guizán.

RESULTANDO: Que por el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común en sesión celebrada el día 15 octubre de 1980 se acordó iniciar los trámites para la clasificación de montes radicados en el Ayuntamiento de Mos.

RESULTANDO: Que por providencia del Instructor se ha solicitado del Sr. Registrador de la Propiedad de Redondela la anotación preventiva del monte a que se refiere la presente propuesta.

RESULTANDO: Que la iniciación del expediente se comunicó al Ayuntamiento y a la Cámara Agraria Local de Mos así como a todos los vecinos interesados en el monte, y que se publicó a éstos efectos en el Boletín Oficial de la Provincia núm. 246 de fecha 22.10.1980 concediéndose un plazo de 60 días para formular alegaciones.

RESULTANDO: Que el Ayuntamiento de Mos se personó en el expediente mediante copia de certificación adoptada por el Pleno el día 30 de diciembre de 1980 en la que se manifiestan en el sentido de personarse en el expediente para la defensa de una parcela en el monte Gándara de Abajo por ubicarse en ella el Cementerio Municipal.

RESULTANDO: Que la Cámara Agraria Local de Mos no se ha personado en el expediente.

RESULTANDO: Que las comunidades vecinales se han personado en los expedientes con arreglo al siguiente detalle:

- La de Louredo dice que hay nombrada una Junta que preside Don Julio Rodríguez para reclamar los montes.
- La de Mos tiene un escrito interesando la información previa para que se clasifiquen los montes.
- Los de Pereiras interesan la clasificación de sus montes.

RESULTANDO: Que en la relación de montes exceptuados de la desamortización del año 1847 figuran los montes de Mos por ser montes del común.

RESULTANDO: Que dos parcelas de los montes de Cala fueron excluidas del Catálogo por sentencia judicial repartiéndose entre los vecinos y que la parcela de Guizán está ocupada y cedida para la construcción del aeropuerto de Poirador y que una de las parcelas de la parroquia está en su totalidad ocupada, repartida o enajenada.

GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMÚN

N.º

Rt.º 5-11-2

V I S T O S: La Ley de Montes Vecinales en Mano Común de 11 de noviembre de 1980 y el Reglamento aprobado por Decreto 569/1970 de 26 de febrero; la Ley de Procedimiento Administrativo y disposiciones concordantes.

CONSIDERANDO: Que el artículo 1 de la Ley de 11 de noviembre de 1980 de Montes Vecinales en Mano Común incluye como tales a aquellos montes que con independencia de su origen vengán aprovechándose consuetudinariamente en régimen de comunidad.

CONSIDERANDO: Que el artículo 3º del Reglamento de 26 de febrero de 1970 establece que no será obstáculo para su clasificación como vecinales en mano común el que esos montes estén incluidos en Catálogos, Inventarios o Registros con asignación de diferente titularidad.

CONSIDERANDO: A mayor abundamiento, que tales inscripciones e inclusiones a favor de los Ayuntamientos fueron debidas en gran parte a la necesidad de que tales montes fuesen inscritos en los correspondientes registros y la única Entidad con personalidad jurídica era el propio Ayuntamiento, por lo que las inscripciones fueron efectuadas a su nombre, como única Entidad que ostentaba la representación de los vecinos.

CONSIDERANDO: Que el supuesto presente incide plenamente en el ámbito de la Ley de Montes Vecinales en Mano Común cuya finalidad esencial, como determina su preámbulo, es la de legalizar la situación en la que se encuentran los montes de distintos núcleos vecinales no constituidos como Entidades Municipales cuyo aprovechamiento corresponde a determinadas personas ligadas o no por vínculos administrativos de vecindad existentes en varias provincias, que vienen transcurriendo por vías de anomalía, carentes de una regulación precisa, regulación que ahora está constituida por la Ley de Montes Vecinales que al otorgar a tales núcleos la personalidad jurídica permite compatibilizar su aprovechamiento con las facultades reconocidas a la Administración, tanto en lo que concierne a la vinculación de tales montes con los Ayuntamientos como a las atribuciones que a la Administración Forestal del Estado le corresponden, encaminadas a garantizar su adecuada explotación.

CONSIDERANDO: Que las parcelas enajenadas por el Ayuntamiento no pueden ser objeto de clasificación, puesto que a partir de su enajenación no vienen aprovechándose en régimen de comunidad.

CONSIDERANDO: Que se debe excluir de la clasificación las parcelas repartidas en virtud de sentencia y la destinada a Cementerio Municipal.

CONSIDERANDO: En definitiva, que la clasificación del monte y en consecuencia el reconocimiento de la titularidad del mismo al grupo comunitario formado por los vecinos, con sujeción al régimen jurídico que establecen los artículos 2 y 38 del Reglamento de 26 de febrero de 1970, redundaría en un aprovechamiento más racional del mismo y en una más adecuada regularización de su situación jurídica.

GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA
JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

N.º	81.º 5-II-2
-----	-------------

CONSIDERANDO: Que el monte debe quedar descrito con arreglo al siguiente detalle:

Nombre del monte: MONTES DE MOS.
Cubida: 501 Has.
Límites:
Norte: Término y montes de Louredo.
Este: Término municipal de Puenteareas.
Sur: Término municipal de Porriño.
Oeste: Término de Petelos, Torroso y Guizán.

En su virtud, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Man
no Común, acuerda

QUE DEBE CLASIFICAR Y CLASIFICA COMO MONTE VECINAL EN MANO
COMUN EL MONTE DENOMINADO MONTES DE MOS - SALGUEIRON Y BALOUTAS

TAL Y COMO SE DESCRIBE EN EL ULTIMO CONSIDERANDO DE ESTA RESOLUCION,
COMO DE PROPIEDAD DE LOS VECINOS DE LA PARROQUIA DE MOS

DEL TERMINO MUNICIPAL
DE MOS, POR REUNIR
LOS REQUISITOS EXIGIDOS POR EL ARTICULO PRIMERO DE LA LEY Y SEGUNDO
DEL REGLAMENTO DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN.

La presente RESOLUCION podrá ser impugnada ante la Jurisdic
ción ordinaria si procede, o en vía contencioso-administrativa ante la
Sala correspondiente de la Audiencia Territorial de La Coruña en el
plazo de dos meses, previo el de reposición ante este Jurado en el
plazo de un mes a contar desde la notificación de la presente RESOLU
CION.

Y para que conste, surta efectos y en cumplimiento de lo
dispuesto en el párrafo segundo del artículo veinticuatro del Regla
mento de Montes Vecinales en Mano Común, se firma la presente RESO
LUCION por los miembros del Jurado que asistieron a la sesión.



**JOSÉ ALBERTO COUSIDO FERNÁNDEZ, SECRETARIO DO XURADO
PROVINCIAL DE CLASIFICACION DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN
DE PONTEVEDRA,**

CERTIFICO:

Que na reunión celebrada polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra o día 08/08/2012, deuse conta no punto 2 – 12º da orde do día, da seguinte avinza de deslinde :

“ Avinza elevada a escritura pública entre a CMVMC de Xinzo (Ponteareas) e a CMVMC de Mos (Mos)” Avinza 4/2012

E para que conste, ós efectos oportunos, expídese a presente certificación

Pontevedra, 1 de marzo de 2023

Vº e prace

Presidente do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común

Antonio Crespo Iglesias

sinatura dixital



Para os efectos previstos no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáse publicidade ao acordo adoptado polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, o 2 de outubro de 2023, en relación co deslindamento parcial entre as comunidades de montes veciñais en man común de Mos (concello de Mos) e Cans (concello do Porriño), ao respecto da estrema común dos seus montes (expediente DC22011).

Feitos:

Primeiro. O 22.08.2022 Carmen Boente Cima en representación da comunidade de montes veciñais en man común (en adiante CMVMC) de Mos, presenta no rexistro electrónico da Xunta de Galicia co núm. de entrada 2022/2106211, solicitude de deslindamento entre a CMVMC de Mos (Mos) e a CMVMC de Cans (O Porriño).

Os montes veciñais en man común (en adiante MVMC) afectados por este deslindamento son:

- MVMC de Salgueirón e Baloutas (ID Monte: 2901) da CMVMC de Mos
- MVMC de Carrascal e Seixo e Pedra que Fala (ID Monte: 2980) da CMVMC de Cans

Segundo. Consta no expediente a seguinte documentación do deslindamento consonte o artigo 53 da Lei 7/2012:

- Acta do apeo do deslindamento o 03.03.2022
- Acta de conciliación (X53 CONCILIACIÓN 0000336 /20022) entre as comunidades no xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº3 do Porriño o 26.07.2022
- Certificados da aprobación do deslindamento nas asembleas xerais de ambas CMVMC: CMVMC de Mos o 03.04.2022 e a CMVMC de Cans o 30.04.2022
- Memoria descritiva co plano de deslindamento e cartografía en formato dixital no Datum ETRS89/UTM zona 29N EPSG: 25829. Asinado a xulio do 2022 polo técnico colexiado núm. 1227 do COETF de Galicia



- Informes de validación gráfica catastral cos CSV: E6DVMHT8DV5SAQAX e BPMMX7CGHRB8ZDZ3 (para a comunicación da alteración catastral consonte o art. 55.3 da Lei 7/2012), que polo principio de colaboración entre administracións deberá verificar a Xerencia Territorial de Catastro.

Terceiro- A liña de deslindamento proposta ten unha lonxitude de 434 metros, e está composta polos seguintes puntos:

Punto 0 -	x: 533.756,3086	y: 4.669.705,8114
Punto 1 -	x: 533.703,6724	y: 4.669.707,6092
Punto 2 -	x: 533.671,3491	y: 4.669.706,8446
Punto 3 -	x: 533.572,1050	y: 4.669.706,4924
Punto 4 -	x: 533.478,9720	y: 4.669.709,1290
Punto 5 -	x: 533.410,3030	y: 4.669.707,5593
Punto 6 -	x: 533.340,1405	y: 4.669.700,9760
Punto 7 -	x: 533.322,8727	y: 4.669.700,6376

Revisada a cartografía das resolucións de clasificación de ambos MVMC detéctase que existe colindancia entre ambos e non afecta a terceiros propietarios.

A liña do deslindamento non respecta exactamente a liña do Instituto Xeográfico Nacional entre os concellos de Mos e Porriño, obsérvase un pequeno desprazamento. O deslindamento establécese mediante acordo das comunidades implicadas no mesmo.

A liña de deslindamento produce modificacións na cartografía dos esbozos de clasificación das seguintes comunidades:

- CMVMC de Mos: O expediente de revisión de esbozo RE22031 xa contempla o actual deslindamento. Ten en conta a mellora da Avinza 4/2012 (expediente actual DC23002) Mos e Xinzo e o deslindamento entre a CMVMC de Mos e CMVMC de Louredo (DC22014).
- CMVMC de Cans: Achega uns pequenos axustes para pechar o punto 0 e o punto 7 do deslindamento co resto do seu MVMC.



O Servizo de Montes considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 polo que propón a aprobación do deslindamento conforme a liña presentada.

Consideracións legais e técnicas:

Primeira. A presente resolución dítase de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segunda. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que hai que seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no Diario Oficial de Galicia e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e consideracións legais e técnicas expostos, o Xurado por unanimidade dos seus membros,

ACORDA:

Aprobar o deslindamento parcial realizado entre a CMVMC de Mos (Mos) e a CMVMC de Cans (O Porriño), respecto da súa estrema común nos termos indicados no feito terceiro.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Presidente do Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común
Antonio Crespo Iglesias





Para os efectos previstos no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáse publicidade ao acordo adoptado polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, o 2 de outubro de 2023, en relación co deslindamento parcial entre as comunidades de montes veciñais en man común de Mos e Louredo (concello de Mos), ao respecto da estrema común dos seus montes (expediente DC22014).

Feitos:

Primeiro. O 18.09.2022 o presidente da comunidade de montes veciñais en man común (en adiante CMVMC) de Mos, presenta no rexistro electrónico da Xunta de Galicia co núm. de entrada 2022/2292143, solicitude de deslindamento entre a CMVMC de Mos e a CMVMC de Louredo, ambas no concello de Mos.

Os montes veciñais en man común (en adiante MVMC) afectados por este deslindamento son:

- MVMC de Salgueirón e Baloutas (ID Monte: 2901) da CMVMC de Mos
- MVMC de Louredo (ID Monte: 2900) da CMVMC de Louredo

Segundo. Consta no expediente a seguinte documentación do deslindamento consonte o artigo 53 da Lei 7/2012:

- Acta do apeo do deslindamento o 25.01.2022
- Acta de conciliación nº 6/2022 entre as comunidades no Xulgado de Paz de Soutomaior o 29.06.2022
- Certificados da aprobación do deslindamento nas asembleas xerais de ambas CMVMC: CMVMC do Mos o 03.04.2022 e a CMVMC de Louredo o 15.05.2022
- Memoria descritiva co plano de deslindamento e cartografía en formato dixital no Datum ETRS89/UTM zona 29N EPSG: 25829. Asinado a xullo de 2022 polo técnico colexiado núm. 1227 do COETF de Galicia.
- Informes de validación gráfica catastral cos CSV: QAQPF5PM5CXVN98Y e 4PB6VB1JAX75HPZK (para a comunicación da alteración catastral consonte o art. 55.3 da Lei 7/2012), que polo principio de colaboración entre administracións deberá verificar a Xerencia Territorial de Catastro.

Terceiro. A liña de deslindamento proposta ten unha lonxitude de 286 metros, e está composta polos seguintes puntos:

Punto D13-	x: 535.136,8358	y: 4.673.183,4017
Punto D14-	x: 535.215,8143	y: 4.673.135,7101
Punto D15-	x: 535.379,5128	y: 4.673.032,7539



Revisada a cartografía das resolucións de clasificación de ambos MVMC detéctase que existe colindancia entre ambos e non afecta a terceiros propietarios.

O punto D13 non invade a parcela de referencia catastral 36033A00800031 de titularidade particular, sitúase no marco de pedra granítica colocada no seu día pola CMVMC de Mos. A cartografía catastral non se axusta exactamente a realidade.

O punto D15 é o punto no que converxen a CMVMC de Mos, a CMVMC de Louredo, a CMVMC de Ribadetea e a CMVMC de Xinzo. Sendo coincidente coas Avinzas 4/2012 (expediente actual DC23002) Mos- Xinzo e Avinza 5/2012 (expediente actual DC23003) Xinzo- Ribadetea e o punto 0 do expediente DC22015 (deslindamento entre a CMVMC de Ribadetea no concello de Ponteareas e CMVMC Louredo no concello de Mos).

A liña non respecta exactamente a liña de deslindamento do Instituto Xeográfico Nacional entre os concellos de Mos e Ponteareas. O deslindamento establécese mediante acordo das comunidades implicadas no mesmo.

A liña de deslindamento produce modificacións na cartografía dos esbozos de clasificación das seguintes comunidades:

- CMVMC de Mos: O expediente de revisión de esbozo RE22031 xa contempla o actual deslindamento. Ten en conta a mellora da Avinza 4/2012 (expediente actual DC23002) Mos e Xinzo e o expediente DC22011. (deslindamento entre a CMVMC de Mos e a CMVMC de Cans)
- CMVMC de Louredo: Achega un pequeno axuste para pechar o punto D13 do deslindamento co resto do esbozo do seu MVMC. No punto D15 pecha o esbozo tendo en conta o expediente DC22015.

O Servizo de Montes considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 polo que propón a aprobación do deslindamento segundo a liña presentada.

Consideracións legais e técnicas:

Primeira. A presente resolución dítase de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segunda. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que hai que seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no Diario Oficial de Galicia e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e consideracións legais e técnicas expostos, o Xurado por unanimidade dos seus membros,

ACORDA:

Aprobar o deslindamento parcial realizado entre a CMVMC de Mos e a CMVMC de Louredo, ambas no concello de Mos, respecto da súa estrema común nos termos indicados no feito terceiro.



Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Presidente do Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común
Antonio Crespo Iglesias



José Alberto Cousido Fernández, Secretario do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra.

CERTIFICO:

Que na reunión do Xurado de Montes que tivo lugar o día 26 de xuño de 2024, deuse conta, no punto 8º da orde do día, da mellora e rectificación da Avinza de deslinde 4/2012, entre a CMVMC de Xinzo (Ponteareas) e a CMVMC de Mos (Mos), nos puntos XM1 e XM22, por unha medición máis precisa das coordenadas. (expediente DC23002).

Despois desta mellora os precitados puntos pasan a ter as seguintes coordenadas en UTM (ETRS89) :

Punto XM1	Punto XM22
X= 534004,1799	X= 535379,5128
Y= 4669675,3978	Y= 4673032,7540

E para que conste, aos efectos oportunos, expídese a presente certificación.

Vº e praxe

O presidente do Xurado de Montes

Antonio Crespo Iglesias

Sinatura dixital



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 29 de xullo de 2024, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica a resolución do acordo da revisión do esbozo do monte veciñal denominado Salgueirón, da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mos, no concello de Mos (expediente RE22031).

Para os efectos previstos na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáselle publicidade ao acordo acadado polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, en sesión que tivo lugar o 26 de xuño de 2024, respecto á revisión do esbozo e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal denominado Salgueirón, da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mos, no concello de Mos (expediente: RE22031).

O 12.3.2024, o Servizo de Montes deste departamento territorial emitiu o seguinte informe:

Feitos:

Primeiro. O 22.9.2022, con número de rexistro de entrada 2022/2326063 a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (en diante CMVMC) de Mos, parroquia de Santa Eulalia de Mos (Mos), solicitou a revisión parcial do esbozo do monte veciñal en man común (en diante MVMC) de Salgueirón co ID 2901 (exceptúa a revisión da parcela Baloutas). A dita solicitude deu lugar á apertura do expediente RE22031. Consta no expediente a seguinte documentación:

– Proposta para a revisión do esbozo da carpeta ficha do monte veciñal en man común de Mos, concello de Mos, Pontevedra, asinada pola enxeñeira técnica forestal núm. 1.227 do COETF de Galicia en setembro de 2022.

– Certificado da secretaria coa conformidade do presidente da CMVMC de Mos, do 27.3.2023, da aprobación na asemblea xeral do 26.3.2023.

– Cartografía en formato dixital ETRS 89 UTM ZONE 29N EPSG:25829.



A memoria técnica da revisión parcial do monte Baloutas indica que:

- O monte Baloutas componse dos coutos redondos Salgueirón, Figueiriña e Trabes.
- Revisase o perímetro na súa estrema coas propiedades de particulares. A liña proposta baséase nun deslindamento executado no ano 2011, que se someteu a exposición pública no edificio do Pazo de Mos durante varios meses, co fin de que os estremeiros puidesen formular oposición, de ser o caso, antes de realizar a marcaxe.
- A revisión recolle a avinza coa CMVMC de Xinzo (Ponteareas) expediente Avinza 04/2012.
- Na proposta descóntanse do monte veciñal Salgueirón 6 encravados de propietarios particulares.
- Reflicte os deslindamentos administrativos en trámite coa CMVMC de Louredo (Mos) e CMVMC de Cans (O Porriño) e expedientes DC22014 e DC22011.

Segundo. O MVMC Salgueirón e Baloutas foi clasificado polo Xurado de MVMC de Pontevedra o 25.11.1981, cunha superficie inicial de 501 ha. Segundo os datos do Sistema rexistral forestal regulado no artigo 126 da Lei 7/2012, de montes de Galicia:

- Non consta contrato de xestión coa Consellería do Medio Rural.
- Avinza núm. 4 do ano 2012 coa CMVMC de Xinzo.
- Deslindamento parcial realizado coa CMVMC de Cans (concello do Porriño) (DOG núm. 18, do 25 de xaneiro de 2024).
- Deslindamento parcial realizado coa CMVMC de Louredo (concello de Mos) (DOG núm.15, do 22 de xaneiro de 2024).
- A CMVMC de Mos dispón dun documento de ordenación forestal inscrito no Rexistro de Montes Ordenados de Galicia co núm. 360123 e vixente ata 2030.
- No ano 2008 expropiouse unha superficie de 17,96 ha para o parque empresarial de Mos.

Terceiro. A superficie e perímetro da revisión do esbozo proposto total do MVMC de Salgueirón é de 420 ha e 23,51 km. A descrición da resolución de clasificación do

CVE-DOG: psu8msw1-aky2-7xq5-km03-ovcr5m5mf2u9



25.11.1981, do Xurado de MVMC de Pontevedra, modifícase cos nomes, cabidas e límites que a continuación se consignan:

Monte: Salgueirón.

Superficie: 418,98 ha.

Norte: Rego da Fraga, predios de particulares das Coutadas de Pedrafitá e monte veciñal en man común de Louredo (Mos).

Leste: monte veciñal en man común da parroquia de Xinzo (Ponteareas), denominado Seixo e Forna (antigo monte de U.P número 321 do Catálogo) e, consecuentemente, termo municipal de Ponteareas, nunha liña determinada polos seguintes lugares (de norte a sur): Chan do Marco (punto común na confluencia dos montes veciñais de Mos (Mos), Louredo (Mos), Ribadetea (Ponteareas) e Xinzo (Ponteareas)), Chan das Pousas, Fonte Chafarís, Carballo Furado, Bragán ou As Barandas, Liñar da Raíña, Penedo do Postigo, Penedo Franquiño, Chan de Vilardela, Chan de Mos, Chan da Ermida e Mollón Tres Termos, na confluencia do municipios de Mos, Ponteareas e O Porriño.

Sur: termo municipal do Porriño, entre o Mollón Tres Termos e Cogomelos, pasando polas localidades de Costráns e de Carballo ou Carballo da Cancela; linda ao longo da liña (de leste a oeste) con predios de particulares, no primeiro terzo da liña, e cos montes veciñais, primeiro de Cans e, a continuación, de Santa María do Porriño.

Oeste: predios de particulares, entre os lugares de Cogomelos, Carballo ou Carballo da Cancela, no extremo sur da liña, ata a estremia, no extremo norte, co Rego da Fraga.

Monte: Figueiriña.

Superficie: 0,58 ha.

Norte: predios de particulares.

Leste: predios de particulares.

Sur: predios de particulares.

Oeste: predios de particulares.

Monte: Trabes.

Superficie: 0,44 ha.



Norte: predios de particulares.

Leste: predios de particulares.

Sur: predios de particulares.

Oeste: predios de particulares.

Cuarto. O 30.11.2022, o Xurado Provincial de MVMC de Pontevedra acordou solicitarlle ao Servizo de Montes unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal clasificado a favor da CMVMC de Mos (Mos), expediente RE22031, coa finalidade de dar cumprir o establecido na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Consideracións legais e técnicas:

Primeira. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (en diante, LMG), na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

Segunda. A revisión do esbozo do monte veciñal Salgueirón da CMVMC de Mos proposta polo Servizo de Montes é a presentada pola comunidade e queda definida consonte os datos reflectidos no feito terceiro e a cartografía que consta no expediente.

Vista a proposta de revisión presentada polo Servizo de Montes sobre a adaptación do esbozo do monte veciñal denominado Salgueirón e de conformidade co previsto na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, este Xurado, por unanimidade dos seus membros,

ACORDA:

Aprobar a revisión do esbozo do monte veciñal denominado Salgueirón, clasificado a prol da CMVMC de Mos (Mos), segundo a proposta do Servizo de Montes e a planimetría elaborada por este.

Pontevedra, 29 de xullo de 2024

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra

CVE-DOG: psu8msw1-aky2-7xq5-km03-ovcr5m5mf2u9



